

CONCURSO MUSICAL E AUDIOVISUAL 2016: O RETO DO ACOSO ESCOLAR

1. TEMA

O tema dos traballos do concurso, nas dúas modalidades convocadas, é o acoso escolar (incluído o ciberbullying).

Para facer fronte ó acoso escolar, un problema lamentablemente moi de actualidade nestes días, é necesario contar coa concienciación e complicidade dos propios mozos. Este concurso pretende fomentar unha reflexión dende o propio colectivo no que se produce ese grave problema, de forma que nos axude a todos a coñecelo mellor.

As obras creativas realizadas polos propios adolescentes son un instrumento especialmente apto para conectar con eles, polo que o material producido para este concurso, ó que se dará acceso libre a través de internet, será previsiblemente de grande utilidade nos centros educativos.

2. OBXECTIVO

Profundizar sobre o problema do acoso escolar a partir da visión dos propios adolescentes.

3. PARTICIPANTES

Poden concursar alumnos/as matriculados/as durante o curso 2015-2016 en centros educativos de Galicia en Educación Secundaria Obrigatoria, Bacharelato, Formación Profesional Básica e Ciclos Medios de Formación Profesional.

4. MODALIDADES

Os participantes poderán participar, a súa elección, nunha das dúas modalidades convocadas:

Música Audiovisual

Nos dous casos, os traballos deberán ser inéditos e orixinais debendo facer referencia á temática do concurso: o acoso escolar (incluído o ciberbullying). As imaxes ou música de terceiros que se puideran utilizar nos traballos deberán ser libres de dereitos de autor ou contar coa autorización do mesmo.

Cada participante so poderá presentarse a unha modalidade e cun único traballo.

Asociación ARELA

Rúa Ernesto Lecuona, 11 Baixo

36205 Vigo Pontevedra

Teléfono e Fax: 986.212.537

Mail: arela@arela.org Páxina Web: www.arela.org



5. INSCRIPCIÓN E PRESENTACIÓN DOS TRABALLOS

Para participar no concurso deberá presentarse:

1. **Ficha de inscripción** debidamente cuberta, asinada por todos os participantes no traballo (músicos, cantantes, actores, actrices, dirección, técnicos, guionistas/letristas, etc, ...) e selada polo centro educativo no que cursen estudos os participantes.

2. **O traballo** presentado:

Música

Os temas presentaranse en formato mp3.

Audiovisual

A curtametraxe presentarse en formato mp4 con tamaño 1920x12080 (1080p). Peso máximo 300Mb.

A duración da curtametraxe non excederá o tempo de 7 minutos (incluíndo os títulos de crédito iniciais e finais).

Deberán subtitularse aquelas curtametraxes rodados nunha lingua diferente a galego ou castelán.

3. **Autorización** debidamente cuberta polo pai/nai ou titor/a legal

Os traballos poden presentarse **a partir do 11 de febreiro e ata o 15 de maio de 2016** e serán **remitidos polo centro educativo dos participantes** á Asociación Arela, ben por correo postal (Rúa Ernesto Lecuona, 11 Baixo, C.P. 36205 Vigo, indicando no sobre "Concurso Ktorce-18 2016"), ben a través de Dropbox o Wetransfer, compartindo o enlace do arquivo musical ou audiovisual co correo electrónico arela@arela.org.

As bases do concurso, ficha de inscripción e folia de autorización están dispoñibles nas páxinas web da Fundación Barrié e da Asociación Arela.

A participación no concurso implica a aceptación das presentes Bases. Poderán ser descartados aqueles traballos presentados que non cumpran os requisitos indicados nas mesmas.

6. XURADO

O xurado, que será nomeado de común acordo polas entidades convocantes, estará integrado por un membro da Asociación Arela, un membro da Fundación Barrié, un profesor ou educador, e dous profesionais do ámbito musical e audiovisual, respectivamente.

Asociación ARELA

Rúa Ernesto Lecuona, 11 Baixo

36205 Vigo Pontevedra

Teléfono e Fax: 986.212.537

Mail: arela@arela.org Páxina Web: www.arela.org



7. PREMIOS

Música

1. Primeiro Premio: un vale regalo de 300 € destinados para material musical, libros, discos, material educativo.
2. Accésit: un vale regalo de 150 € destinados para material musical, libros, discos, material educativo.

Audiovisual

1. Primeiro Premio: un vale regalo de 300 € destinados para material audiovisual, libros, discos, material educativo.
2. Accésit: un vale regalo de 150 € destinados para material audiovisual, libros, discos, material educativo.

Nas dúas modalidades, os traballos gañadores publicaranse en formato on line na web da Fundación Barrié e da Asociación Arela. Do mesmo modo, poderán ser reproducidos en actividades e eventos vinculados ao Programa Ktorce-18.

A entrega de Premios celebrárase nunha das sedes da Fundación Barrié (A Coruña ou Vigo) antes do 20 de xuño de 2016.

INFORMACIÓN E CONTACTO

Fundación Barrié

Área de Acción Social

serviciosociales@fbarrie.org

981 060062- 981 221525

Asociación Arela

arela@arela.org

986 212 537

Asociación ARELA

Rúa Ernesto Lecuona, 11 Baixo

36205 Vigo Pontevedra

Teléfono e Fax: 986.212.537

Mail: arela@arela.org Páxina Web: www.arela.org

